

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Cid Vera, Luis Saúl
Couto Cancela, Daniel
Diz Folgar, Manuel
Gil Hidalgo, Paula
González López, Raquel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Lorenzo Rodríguez, Edita de
Torres Outón, Sara M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 12 de marzo de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 12 de marzo de 2021 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)
- Nas quendas de palabra.

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento
- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)

• Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento

• Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado

• Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 01 de febreiro de 2021.

Non se recibiron propostas de emenda en tempo e forma.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre unha serie de cuestións diversas:

- Parabéns
 - A Rebeca Díaz Redondo, elixida directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
 - A Juan Pardo Froján, elixido director da Escola de Enxeñaría Industrial.
- Nomeamentos
 - Nova dirección de Área de Asuntos Económicos: profesor Fidel Castro Rodríguez.
 - Nova dirección de Área do Campus Auga: profesor Nelson Pérez Guerra.
- Agradecementos
 - Ao profesor Enrique Barreiro Alonso polo seu traballo no Campus Auga.
 - Á profesora Ana María Torrado Agrasar polo seu traballo no CITACA.
 - Ao profesor Pedro Pablo Gutierrez polo seu traballo como director nas áreas de Profesorado e de Extensión Universitaria.
 - A Manuel Morquecho Barral polo seu traballo na Área de Dinamización Cultural e Educativa e Integración do campus de Pontevedra.
- Informa sobre os cribados masivos do Sergas ao estudantado dos tres campus. A UVigo realízalle PCR's ao persoal.
- A Universidade de Vigo emitiu 3584 certificados e máis de 22.000 xustificantes dixitais nos últimos 14 meses.
- Informa sobre a celebración do XXI Foro Tecnolóxico de Emprego.
- Saves, o asistente virtual sobre cooperativismo, obtén o premio á mellor investigación na área de economía e outras afíns.
- A Universidade de Vigo presentou as súas titulacións en UNIFeria.
- Informa sobre a presentación da comunidade alumni-UVigo.

- A UVigo acada a primeira posición no ranking de transparencia. Parabéns a todas as persoas implicadas nos distintos niveis: vicerreitorías, servizos, Unidade de Análises e Programas, Xerencia e comunidade universitaria en xeral. Comenta que tentaremos de seguir mellorando (aínda que quede pouco por mellorar).

- Centros singulares de investigación da Universidade de Vigo con selo da Xunta de Galicia:
 - Atlantic
 - Cinbio
 - CIM
 - Futuros centros:
 - Cintecx
 - CITACA (ou o que o substitúa)
 - Ecobas (pasa a interuniversitario)
 - Participación noutros centros interuniversitarios: Citmaga, Cispac.

- CINTEXC: reorganizado en función dos grupos recoñecidos pola Xunta (GRC e GPC).
 - Durante un tempo, con director externo.
 - Neste momento, baixo unha dirección interna e presentado para a avaliación.
 - Xa leva adianto con respecto aos centros interuniversitarios ou aos doutras universidades do SUG.
 - O centro cumpre plenamente as expectativas.

- CITACA
 - Xa tiña unha avaliación intermedia bastante negativa e, ao final, foi mala.
 - Dadas as fortalezas do campus de Ourense na investigación agrícola e alimentaria, pensamos que debe haber un centro.
 - Este ano non vai haber convocatoria de agrupamentos.
 - Pretendemos organizar unha nova agrupación que poidamos presentar a instituto ou a centro cando estea preparada.
 - Na transformación do novo agrupamento agrícola e alimentario a instituto ou a centro, precisaremos ter un edificio (así o pide a convocatoria da que neste momento temos o borrador). Así que convirá ligar o agrupamento ao edificio do Campus Auga. Véxase o previsto para a planta piloto de investigación e de docencia alimentaria e a planta na que irá o CACTI de Ourense. O International Agro-Food Lab segue adiante. O martes tivo lugar unha nova xuntanza co ministro portugués. Tentarase financiarlo a través de convocatorias internacionais.

- ECOBAS
 - A agrupación tivo unha boa avaliación.
 - Xa que participaban algúns equipos da USC e da UdC, tomamos a decisión de transformar o agrupamento en centro singular interuniversitario.
 - Nomeamos directora científica á profesora María Loureiro, da USC, que está plenamente comprometida co proxecto.
 - Todos estes cambios consensuáronse coa dirección de Ecobas.
 - Nestas dúas semanas fixéronse varias fichaxes de alto nivel. Os datos que presenta o centro son excelentes e están traballando arreo na mellora da gobernanza.

- O investigador Mario Pansera xa se incorpora (ERC, H2020). Irá ao campus de Pontevedra.
 - De novo, para convertelo en centro, precisaremos ter un edificio singularizado. Traballamos coa hipótese de preparar (coma se fixo en Atlántic) un espazo claramente visible dentro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou de buscar outro espazo alternativo. O decano está organizando os espazos do centro para ver se é posible facer esta singularización. Se non fora posible, buscaremos outra alternativa.
 - O obxectivo final é presentar o centro, ao final do percorrido, ás axudas María de Maeztu.
-
- Estase negociando coa presidencia da Deputación de Pontevedra e coas consellerías de Sanidade e de Educación para crear unha Facultade de Enfermería, que tería sedes nos tres campus baixo unha dirección común. Unha vez integradas, o obxectivo sería sacar adiante un mestrado de enfermaría, e un doutoramento que permita mellorar e ampliar a investigación neste necesario eido. Esperamos ter a facultade creada o ano que vén.
 - Estase a negociar na mesa do PDI un plan de pulo ao galego na docencia.
 - O ano que vén, se non hai dificultades derivadas da pandemia, darémoslle unha volta e unha ampliación aos programas de maiores.
 - Está en marcha o programa alumni.
 - Desenvolveuse unha xuntanza cos decanatos e coas dirección dos centros do campus de Vigo para unha primeira análise das posibilidades de cumprimento do previsto no Plan estratéxico sobre a baixada de titulacións a Vigo.
 - Como xa se informou na anterior xuntanza, aproveitamos o rebumbio da campaña posta en marcha pola Delegación de Alumnado de Industriais para arranxar dunha vez o tema da non dispoñibilidade de compresas e de tampóns nos centros.
 - Desde o xoves hai compresas e tampóns nas delegacións de estudantes.
 - Está en marcha un prego de condicións para dispor de balde dalgún material hixiénico feminino nos baños mediante o uso da tarxeta.
 - Desenvolveuse con grande éxito o ciclo Cunqueiro XL na FFT.

3. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico para o curso 2020/2021.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que pasa a expoñer en que consiste a modificación, que quedaría como segue:

Período/Convocatoria	Inicio	Remate
PRIMEIRO	GRAO: XOVES, 10 DE DECEMBRO DO 2020	VENRES, 26 DE FEBREIRO DO 2021
	MASTER: XOVES, 17 DE DECEMBRO DO 2020	
SEGUNDO	MÉRCORES, 14 DE ABRIL DO 2021	VENRES, 2 DE XULLO DE 2021
2ª OPORTUNIDADE	MARTES, 6 DE XULLO DE 2021	LUNS, 26 DE XULLO DE 2021
FIN DE CARREIRA	VENRES, 18 DE SETEMBRO DE 2020	VENRES, 13 DE NOVEMBRO DE 2020

No caso dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER, as datas límite para entrega de actas serán:

PRIMEIRO PERÍODO	VENRES, 12 DE MARZO DE 2021
SEGUNDO PERÍODO	VENRES, 9 DE XULLO DE 2021
SEGUNDA OPORTUNIDADE	VENRES, 17 DE SETEMBRO DE 2021
FIN DE CARREIRA	VENRES, 27 DE NOVEMBRO DE 2020

Enrique Pardo Froján solicita se pode adiarse aínda máis a data de entrega de actas de xullo, pero o secretario xeral sinala que pode afectar a xeración de actas noutros centros. María José Ríos Santomé indica que hai que ter en conta o cese de actividade dos servizos administrativos. O reitor pensa que hai tempo para algunha modificación puntual mais adiante, se fora preciso. José Manuel Cruz Freire comenta no chat que na Escola de Enxeñaría Industrial hai exames só 4 días hábiles antes do peche da acta de xullo e que entende o traballo administrativo, pero que corrixir tamén levará algún tempo e facer a revisión de exames.

Apróbase por asentimento a modificación do calendario proposta.

4. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2021/22.

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen pasa a expoñer o calendario:

- 1.- O curso académico comprenderá do **1 de setembro de 2021 ao 31 de agosto de 2022**.
- 2.- O calendario de actividades académicas é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade.
- 3.- Seguindo o disposto polo RD 1125/2003, cada crédito ECTS supoñe 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico.
- 4.- Consonante ao exposto, as semanas de actividade académica docente no curso 2021/2022 na Universidade de Vigo quedarán distribuídas en dous períodos equivalentes, do xeito indicado no cadro seguinte, e das que unha sexta parte reservárase para celebración das probas de avaliación final (situadas entre a data límite de entrega de actas do período correspondente e a do inmediato anterior) dedicándose o resto á actividade lectiva.

PERÍODO	INICIO	REMATE
PRIMEIRO	LUNS, 6 DE SETEMBRO DO 2021	VENRES, 28 DE XANEIRO DO 2022
SEGUNDO	LUNS, 31 DE XANEIRO DO 2022	VENRES, 10 DE XUÑO DO 2022

5.- Excepcionalmente, nas titulacións de máster, previo acordo da respectiva comisión académica que deberá comunicarse á Secretaría Xeral, poderá adiarse o inicio da actividade académica docente lectiva, **sempre que se respecte o disposto no punto terceiro de presente calendario, sen prexuízo do indicado no punto sétimo e sen que as datas de apertura e de entrega de actas podan verse modificadas por este motivo.** Aos programas de doutoramento non se lles aplica o presente calendario e estarase ao establecido na súa propia convocatoria de matrícula.

6.- No mes de agosto non haberá actividade académica, que así mesmo quedará en suspenso nas seguintes datas, excluídas do cómputo sinalado no punto terceiro:

- Dende o luns, día 20 de decembro de 2021, ata o venres, día 7 de xaneiro de 2022 (ambos os dous incluídos).
- Dende o luns, día 11 de abril, ao venres día 15 de abril de 2022 (ambos os dous incluídos).

7.- O período comprendido entre o martes, día 1 e o venres, día 4 de setembro de 2021 (ambos os dous inclusive) non computará aos efectos do disposto no punto terceiro, sen prexuízo de poder desenvolver no mesmo actividades académicas non lectivas. O mesmo sucederá co período comprendido entre o luns, día 13 de xuño, e o venres, día 29 de xullo de 2022 (ambos os dous inclusive), agás no caso dos másteres que comezaran máis aló do luns, día 20 de setembro de 2021, para os que si contará o dito período -en proporción ao retraso acumulado ao comezo- aos efectos de poder completar o cómputo establecido no punto terceiro.

8.- Terá carácter festivo o venres, día 28 de xaneiro de 2022, data de celebración do día de Santo Tomé de Aquino, patrón da Universidade, posuíndo o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais, así como a data que corresponda a cada centro para a celebración da súa festa propia, pasando a luns ou venres as que non coincidan nesos dous días da semana, previa decisión da Xunta do Centro concernido. A docencia interromperase o luns, día 28 de febreiro, e o martes, día 1 de marzo de 2022 (Entroido)

Relación de festas propias dos centros da Universidade de Vigo	
ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO	23/09/2020, xoves
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN	29/09/2020, mércores
ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL	04/10/2020, luns
FACULTADES DE BIOLOXÍA, CIENCIAS DO MAR, QUÍMICA E CIENCIAS	15/11/2020, luns
E.U. DE MAXISTERIO "MARÍA SEDES SAPIENTIAE"	27/11/2020, sábado
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA	04/12/2020, sábado
FACULTADES DE DEREITO E DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (DEREITO)	07/01/2021, venres
ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	25/02/2021, venres
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	19/03/2021, sábado
FACULTADES DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS.	05/04/2021, martes
FACULTADES DE HISTORIA, FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, CIENCIAS DA EDUCACIÓN E CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE	26/04/2021, martes
FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN	29/04/2021, venres
FAC. CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO (RELACIÓNS LABORAIS)	01/05/2021, domingo



UNIVERSIDADE
DE VIGO

FACULTADE DE BELAS ARTES	07/05/2021, sábado
ESCOLAS DE ENFERMERÍA	12/05/2021, xoves

9.- Os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa respectiva entrega serán os seguintes**:

Período/Convocatoria	Inicio	Remate
PRIMEIRO	GRAO: VENRES, 10 DE DECEMBRO DO 2021	VENRES, 18 DE FEBREIRO DO 2022
	MASTER: VENRES, 17 DE DECEMBRO DO 2021	
SEGUNDO	VENRES, 8 DE ABRIL DO 2022	VENRES, 1 DE XULLO DE 2022
2ª OPORTUNIDADE	MARTES, 5 DE XULLO DE 2022	LUNS, 25 DE XULLO DE 2022
FIN DE CARREIRA	VENRES, 17 DE SETEMBRO DE 2021	VENRES, 12 DE NOVEMBRO DE 2021

10.- No caso dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER, as datas límite para entrega de actas serán**:

PRIMEIRO PERÍODO	VENRES, 4 DE MARZO DE 2022
SEGUNDO PERÍODO	VENRES, 8 DE XULLO DE 2022
SEGUNDA OPORTUNIDADE	VENRES, 16 DE SETEMBRO DE 2022
FIN DE CARREIRA	VENRES, 26 DE NOVEMBRO DE 2021

11.- Excepcionalmente, nos centros que, xustificadamente, desenvolvan prácticas externas curriculares no mes de agosto, previa comunicación ao Servizo de Estudos de Grao ou de Posgrao, segundo corresponda, a data límite de entrega de actas na segunda oportunidade poderá estenderse como máximo ata unha semana antes da indicada para o TFG ou o TFM, segundo o caso.

12.- Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e o procedemento detallado para a avaliación das materias, debendo recollese nas mesmas a data así como, se procede, hora e lugar de realización das probas de avaliación. Tamén deberán especificar o medio empregado para a súa publicación oficial así como das modificacións que, xustificadamente, puideran producirse. Na fixación das datas relativas ás probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo, procurarase que vaian en primeiro lugar as materias correspondentes ao primeiro cuadrimestre.

13.- As probas de avaliación da convocatoria de “fin de carreira” poderán celebrarse dende o mércores, día 1 de setembro de 2021, debéndose acordar as datas concretas polos respectivos centros, respectando, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 9, sen posibilidade de suspender as actividades lectivas por esta razón.

** As datas de remate para entrega de actas poden ser adiantadas (nunca adiadas) polos centros, previo acordo da Xunta de centro ou comisión delegada competente, sen que tal decisión poida conlevar cambios nas datas de inicio para a súa apertura.

Francisco García Cutrín sinala o problema da celebración das probas de ABAU para planificar os espazos por parte dos centros e suxire una certa mobilidade dos días próximos ás mesmas. O reitor suxire que se comunique aos centros que o teñan en conta cara a organizar as probas da ABAU.

Susana Reboreda pregunta pola coordinación dos mestrados interuniversitarios e o secretario xeral comenta que xa se falou coa USC e que o calendario permite certa flexibilidade a este respecto.


Susana Reboreda pregunta asemade polo calendario de matrícula e o secretario xeral sinala tamén que os servizos están a traballar no mesmo e que se falará coas outras universidades do SUG.

O secretario xeral comenta que falta o calendario do CUD, que se traerá ao próximo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o calendario proposto.

5. Aprobación, se procede, do inicio do expediente de creación de tres novos centros.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen comeza indicando o procedemento a seguir



- **Denominación: Facultade de Dirección e Xestión Pública**
 - Sede: Campus de Pontevedra
 - Titulacións iniciais:
 - Grao en Dirección e Xestión Pública
 - Mestrado universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional
 - Elaboración da memoria
 - Xunta de titulación do Grao en Dirección e Xestión Pública
- **Denominación: Facultade de Deseño**
 - Sede: Campus de Pontevedra
 - Titulacións iniciais:
 - Grao en Deseño
 - Mestrado universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda
 - Elaboración da memoria
 - Xunta de titulación do Grao en Deseño

• **Denominación: Facultade de Relacións Internacionais**

- Sede: Campus de Ourense
- Titulacións iniciais:
 - Grao de Relacións Internacionais
- Elaboración da memoria
 - Membros da UVigo na comisión interuniversitaria de elaboración da memoria do Grao en Relacións Internacionais.

Apróbase por asentimento o inicio do expediente de creación dos tres centros.

6. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2021/2022. (ANEXO I)

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que expón o cadro seguinte:

2501126	Grao en Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	122	150	28	
2501123	Grao en Relacións Laborais e Recurso Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	72	80	8	
2501202	Grao en Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría (Ourense)	50	60	10	
2501202	Grao en Enfermaría (Pontevedra)	Escola Universitaria de Enfermaría	50	55	5	
2501202	Grao en Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría Povisa (Vigo)	70	80	10	
2502244	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (español)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	130		130	-
2502244	Grado en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (inglés)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	20		20	-
2502251	Grado en Enxeñaría Mecánica	Centro Universitario da Defensa (Marín) (*)	79		*	-
Novidade:	Grao en Filoloxía Aplicada	Facultade de Filoloxía			50	-

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala as seguintes incidencias: na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación dadas as recentes eleccións, aínda que a nova dirección

confirmou que a oferta será a mesma, pero irá á seguinte COAP. Sinala así mesmo o caso de Enxeñaría Mecánica no CUD.

Francisco J. Rodríguez sinala que son 147 prazas na E.S.E Informática, dado que o incremento é do 25%, pero se reservan tres para o PCEO.

Apróbase por asentimento o límite de prazas para titulacións de grao.

7. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2021/2022. (ANEXO II)

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que pasa a expoñer o cadro correspondente, que se achegou coa documentación. Comenta cales son as distintas solicitudes recibidas e as variacións, tanto para aumentar como para diminuír.

Apróbase por asentimento o límite de prazas de titulacións de máster nos termos propostos.

8. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2021/2022.

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, que expón o seguinte cadro:

Centro	TMG teórico	PDA 2020/21	Proposta PDA 2021/22	TMG 2021/22	Axuste normas PDA	Nova docencia	Axuste total previsto	Axuste real	Variación axuste real-previsto
101 - Facultade de Ciencias	30,00	5.978,00	5.978,00	30,02	0,00		0,00	0,00	0,00 0,00%
102 - Facultade de Historia	35,00	2.300,00	2.345,00	32,33	35,13		35,13	45,00	9,87 0,42%
103 - Facultade de Dereito	35,00	4.607,65	4.618,00	34,28	143,59		143,59	10,35	-133,24 -2,89%
104 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	35,00	9.096,30	9.096,30	32,34	0,00		0,00	0,00	0,00 0,00%
105 - Facultade de Educación e Traballo Social	35,00	15.303,00	15.303,00	34,73	0,00		0,00	0,00	0,00 0,00%
106 - E. S. de Enxeñaría Informática	30,00	7.405,50	7.870,50	29,16	459,16		459,16	465,00	5,84 0,07%
107 - Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	30,00	3.410,00	3.410,00	30,61	0,00		0,00	0,00	0,00 0,00%
201 - Facultade de Belas Artes	30,00	8.253,00	8.253,00	28,46	0,00		0,00	0,00	0,00 0,00%
202 - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	35,00	14.040,00	13.950,00	33,77	0,00		0,00	-90,00	-90,00 -0,65%
203 - Escola de Enxeñaría Forestal	30,00	2.880,00	2.839,00		0,00		0,00	-41,00	-41,00 -1,44%
204 - Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	35,00	11.806,00	12.180,00	27,08	0,00	360,00	360,00	374,00	14,00 0,11%
205 - Facultade de Fisioterapia	30,00	3.586,00	3.586,00		0,00		0,00	0,00	0,00 0,00%
301 - Facultade de Filoloxía e Tradución	35,00	16.216,00	15.466,00	23,18	-993,03		-993,03	-750,00	243,03 1,57%
302 - Facultade de Bioloxía	30,00	5.405,00	5.431,00	23,18	0,00		0,00	26,00	26,00 0,48%
303 - Facultade de CC. Económicas e Empresariais	35,00	16.717,50	17.363,00	33,75	835,71		835,71	645,50	-190,21 -1,10%
305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	30,00	10.465,00	0,00		0,00	21,00	21,00		
306 - E. U. de Estudos Empresariais	35,00	3.995,00	4.010,00	34,75	0,00		0,00	15,00	15,00 0,37%
308 - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	35,00	8.876,00	8.825,00	31,64	0,00		0,00	-51,00	-51,00 -0,58%
309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	30,00	5.541,65	5.190,10	19,76	-766,41		-766,41	-351,55	414,86 7,99%
310 - Facultade de Ciencias do Mar	30,00	4.336,00	4.342,00	25,11	0,00		0,00	6,00	6,00 0,14%
311 - Facultade de Química	30,00	4.472,00	4.482,00	23,80	0,00		0,00	10,00	10,00 0,22%
312 - Escola de Enxeñaría Industrial	30,00	34.090,00	34.775,50	27,20	0,00	805,00	805,00	685,50	-119,50 -0,34%
			189.313,40				900,15	998,80	119,65 0,06%

Pedro Carro pregunta por unhas cantidades na PDA da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado o aclara.

Inclúense asemade cadros coas seguintes materias:

- 4.º curso de Enxeñaría Biomédica
- 1.º curso de Filoloxía Aplicada Galega e Española
- 1.º curso de Linguas Estranxeiras

- 1.º curso de Bioloxía.
- Materias xa impartidas.

Apróbanse por asentimento as PDAs.

9. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de mestrado para o curso 2021/2022. (ANEXO III)

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón o seguinte cadro:

Mestrado	Norma	Solicitud	COAP
Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda	590	693	678
Mestrado universitario en biotecnoloxía avanzada	300	332,5	314,5
Mestrado universitario en bioloxía mariña	300	332	316
Mestrado universitario en xenómica e xenética	180	220	206
Mestrado universitario en enxeñaría industrial	3432	3578	3432
Mestrado universitario en ciberseguridade	300	358	358
Mestrado universitario en enxeñaría de minas	936	1044	1044
Mestrado universitario en oceanografía	270	506	320

Juan Pardo Froján precisa que no caso do mestrado en Tecnoloxías Industriais non é a primeira vez que teñen dous grupos, aínda que é fluctuante, e explica como entende a situación, en función dos problemas que crea a matrícula. Comenta que os axustes son complexos ao inicio do curso. Propón unha solución intermedia para os grupos do primeiro cuadrimestre (serían unas 56 horas de axuste na PDA) nas materias que teñen docencia de laboratorio. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado pensa que a proposta se pode valorar e o vai consultar co director de área. Considerará como non consolidables esas 56 horas este ano, de cara a elaboración do POD e a súa consideración futura como consolidables.

Apróbanse por asentimento as PDAs co cambio proposto por Juan Pardo Froján.

10. Aprobación, se procede, das normas de elaboración POD.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen explica a normativa, que é igual que a do curso actual cos seguintes cambios:

- Cambios menores por circunstancias que van xurdindo.
- Cambios respecto da prelación de figuras de PDI.
- Contratos anuais para o profesorado asociado e contratado interino de substitución.
- «As contratacións de profesorado asociado ou de profesorado contratado interino de substitución serán, con carácter xeral, de duración anual, procurando un reparto de horas de docencia por semana equilibrado e tendo en conta a planificación docente das materias asignadas».

Duración das listaxes de agarda: «Con carácter xeral, as listaxes de agarda estarán vixentes nos dous cursos posteriores ao curso académico no que se xeraron».

Compatibilidade do profesorado contratado interino de substitución: conforme ao disposto nos artigos 3 a 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os contratos de profesorado interino de substitución non serán compatibles con outra actividade no sector público, agás os casos establecidos para contratos a tempo parcial.

Francisco J. García Cutrín pregunta polos períodos de incorporación de certas figuras de investigadores. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado aclara a necesidade de facelo como está previsto, dado que non supón un prexuízo real para o profesorado.

Pedro González Santamaría comenta a variedade existente no colectivo de postdoc en relación coa prelación prevista e que non todos deberían estar na mesma clasificación. Cre que é mellor chegar a un acordo na mesa, antes que nos tribunais, á espera das novas normas a nivel nacional. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado entende que o tema está aberto e que se debaterá nos órganos oportunos.

Apróbase por asentimento as normas de elaboración do POD.

11. Aprobación, se procede, da convocatoria do Plan de estabilización e de promoción do profesorado asociado acreditado.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que explica o plan de estabilización e promoción.

Previsión en orzamentos: 25 prazas de AXD. Opcións:

- 25 prazas polas normas para a contratación de profesorado axudante doutor.
- Reserva dunha porcentaxe para a consolidación de profesorado asociado.
- 22 prazas polas normas para a contratación de profesorado axudante doutor.
- 3 prazas para o plan de promoción de profesorado asociado.

Expón os resultados dunha enquisa de 43 participantes:

DPTO.	ÁREA	CAMPUS	TIPO ACREDITACIÓN	DATA ACREDITACIÓN	Anos de ASOC.	Deficit estrutural
H12	814	Vigo	AXD-PCD	11/02/2019-11/02/2019	14.5	316
X01	725	Ourense	FALTA	FALTA	12.0	
X01	620	Ourense	PCD	16/11/12	11.0	300
T01	515	Vigo	AXD	15/12/20	10.0	
X05	193	Pontevedra	AXD-PCD	15/12/2020-15/12/2020	9.5	
X11	70	Pontevedra-Vigo	AXD-PCD	20/11/2014-20/11/2014	8.5	-444.5
X14	105	Pontevedra	PCD	11/2/19	7.5	149+49

Nova edición da convocatoria feita hai dous anos, cos seguintes cambios:

- 3 prazas de AXD
- Introducción de necesidades docentes nos requisitos e a selección:
 - Estar adscrito/a a unha unidade docente na que a diferenza entre a carga docente básica e a capacidade docente básica sexa igual ou superior a 240 horas. Neste cálculo non se computará o PDI que se xubile forzosamente antes do comezo do curso 2021/2022, ou ben nos tres cursos académicos seguintes.
 - No caso de que o número de solicitudes supere o número máximo de prazas ofertadas, estas atenderanse tomando como base o curso no que a unidade docente correspondente acade o déficit polo menos 240 horas e, dentro de cada un deles, en función da ratio crecente entre a capacidade docente básica e a carga docente básica.
 - Solicitud pola sede electrónica (ata o 26 de marzo).

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado pensa que se dará saída a persoas que poden facer carreira académica. É un acordo da mesa de negociación que contou con 23 votos a favor e 6 abstencións. Conta asemade co voto favorable da COAP.

Apróbase o plan por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da modificación das normas para a contratación de profesorado axudante doutor.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que explica o seguinte:

- A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado establecerá un prazo para que os departamentos poidan solicitar novas prazas de profesorado axudante doutor nas súas unidades docentes nas que a diferenza entre a carga docente básica e a capacidade docente básica sexa igual ou superior a 240 horas. Nestes cálculos non se computará o PDI que se xubile forzosamente antes do comezo do curso para o que se elabore o POD ou ben nos tres cursos académicos seguintes.

- No caso de que o número de solicitudes por parte dos departamentos supere o número máximo de prazas para contratar para o curso seguinte, as solicitudes atenderanse tomando como base o curso no que se acade o déficit de polo menos 240 horas e, dentro de cada un deles, en función da ratio crecente entre a capacidade docente básica e a carga docente básica ata chegar ao dito máximo.
- Cambio técnico na referencia a unha versión concreta da normativa de dedicación e de recoñecementos.

Francisco J. García Cutrín pregunta como se vai a aplicar a norma, considerando as próximas xubilacións e dado que vai comezarse co POD. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado aclara como será o procedemento que se vai seguir.

Apróbase por asentimento a modificación.

13. Aprobación, se procede, do Regulamento do Comité de Ética en Investigación da Universidade de Vigo

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen sinala a estrutura do Comité de Ética (dividido en catro subcomités). Indica que a Universidade de Vigo, como institución do sector público coas misións de investigación e de docencia, é consciente da súa responsabilidade ante a sociedade con respecto á investigación científica desenvolvida no seu ámbito, o seu seguimento, control e aspectos éticos, tal e como impón o art. 15 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación. Ademais, a normativa presente nas distintas convocatorias de financiamento, consonte os estándares europeos HR da investigación, esixe que os proxectos con seres humanos, a utilización de datos persoais ou mostras biolóxicas de orixe humana, o emprego de organismos xeneticamente modificados, a experimentación animal ou a utilización de axentes biolóxicos, contén coa autorización expresa do Comité de Ética en Investigación creado para o efecto onde se vaia realizar a investigación, así como co cumprimento dos requisitos establecidos pola lexislación vixente. Para cumprir estes fins, constitúese o Comité de Ética en Investigación, Cetic, para poder proporcionar unha resposta áxil e efectiva ante as necesidades actuais e futuras co fin de protexer os dereitos fundamentais das persoas, o benestar dos animais e o medio ambiente e de respectar os principios e os compromisos bioéticos asumidos pola comunidade científica e polos Estatutos da Universidade.

A continuación, a vicerreitora de Investigación expón a estrutura do comité e o regulamento, que foi achegado coa documentación correspondente á presente sesión. Tras a exposición a vicerreitora intervén para sinalar que o regulamento quedará en exposición pública á espera das achegas da comunidade universitaria, despois da petición da Área de Calidade a este respecto, polo que non será sometido agora a aprobación. Susana Reboreda Morillo e Gil Garrote Velasco apoian a iniciativa.

Non se somete a aprobación o regulamento do Comité de Ética en Investigación, dado que quedará suxeito previamente a exposición pública.

14. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación e de transferencia para o ano 2021. (ANEXO IV)

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que expón os criterios de 2020 e os de 2021:

2020

Revista tipo A

- *Nature, Science*: 50 puntos
- A1: 36 puntos
- A2: 24 puntos
- A3: 18 puntos
- A4: 12 puntos

Revista tipo B: 5 puntos

Revista tipo C: 3 puntos

Revista tipo D: 1 punto

2021

Revista tipo A

- *Nature, Science*: 60 puntos
- AD1: 42 puntos
- A1: 36 puntos
- A2: 24 puntos
- A3: 18 puntos
- A4: 12 puntos

Revista tipo B: 5 puntos

Revista tipo C: 3 puntos

Revista tipo D: 1 punto

No caso de notas breves: Revista de tipo A: un terzo dos puntos que lle correspondería ao artigo extenso, agás no caso de *Nature* ou en *Science*, onde se considera a puntuación completa.

A vicerreitora de Investigación expón como queda o cadro de puntuacións de transferencia na organización de congresos e comenta que estaba a agardar pola convocatoria xeral de transferencia, pero que está adiada.

Apróbanse por asentimento os criterios.

15. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Asociación Clúster Biomasa Galicia.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade que pasa a expoñer en que consiste a participación, coa colaboración da Escola de Enxeñaría Forestal. A Universidade participa como socio de honra e non pagará cota algunha. Descende aos aspectos técnicos. O reitor amosa a súa satisfacción polo papel desenvolvido pola Escola de Enxeñaría Forestal e alégrese de que o seu traballo acade recoñecemento.

Apróbase por asentimento a participación na asociación.

16.- Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2021/2022.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para que explique a proposta. A vicerreitora sinala que a proposta foi aprobada na Comisión de Extensión e que se manteñen os mesmos prezos do ano pasado, que lembra. Trasladarase ao Consello Social. María José Ríos Santomé pide que se cambie a expresión “estancia” por “estadía”.

Apróbase a proposta por asentimento.

17.- Aprobación, se procede, de modificacións no regulamento de réxime interno do CEUVI.

O reitor cede a palabra ao representante do alumnado Daniel Couto Cancela, quen explica as propostas de modificación, que foron achegadas coa documentación á presente reunión. Os cambios céntranse en cinco aspectos: actualización normativa, preocupación pola imaxe, adaptación á situación actual, novos tipos de membresía e redefinición das comisións. Daniel Couto vai detallando brevemente estes cinco ámbitos. O reitor felicita aos representantes do estudantado pola labor feita.

Apróbanse por asentimento as modificacións do regulamento de réxime interno do CEUVI.

18.- Elección de representantes na Comisión do Plan Estratéxico(1): 5 PDI; 5 PAS; 5 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.

O reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

Persoal docente e investigador: 5 postos vacantes (5 persoas candidatas)

- Elena Rivo López
- Ana Bernabeu Tello



- Jacobo Porteiro Fresco
- Margarita Pino Juste
- Francisco Xavier Martínez Cobas

Persoal de administración e servizos: 5 postos vacantes (5 persoas candidatas)

- David Basalo Domínguez
- Raquel Gandón Chapela
- Alejandra Vilas Rodríguez
- Rosa M^a Graña Costas
- Rodrigo Alverte Pivida

Estudantes: 5 postos vacantes (5 persoas candidatas)

- Juan Jesús Rico Fuentes
- Pedro Manuel Carro Parafita
- Manuel Diz Folgar
- José Manuel Rúa Estévez
- Nicolás Balsa Fernández

Decanos e directores de centros: 4 postos vacantes (4 persoas candidatas)

- Eva Lantarón Caeiro
- Susana Reboreda Morillo
- Francisco Javier Rodríguez Martínez
- Consuelo Currás Valle

Directores de departamento: 4 postos vacantes (4 persoas candidatas)

- Isela Levilla Beltrán
- Antonio Collazo Fernández
- M^a de los Ángeles Fernández Villarino
- Alexandre Rodríguez Guerra

Consello Social: 1 posto vacante (1 persoa candidata)

- Jesús Graña Nogueiras

Axente externo: : 1 posto vacante (1 persoa candidata).

- Javier Touza Touza

O número de candidaturas presentadas non supera o de postos vacantes, polo que non cómpre celebrar eleccións.

O secretario xeral propón que o mandato coincida co do Consello de Goberno actual.

Resultan electas as persoas propostas como candidatas e a duración do mandato.

19. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios(1): 2 PDI por ámbito de coñecemento; 3 estudantes; 1 PAS.

O reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

Persoal docente e investigador: 2 postos por ámbito de coñecemento

Ámbito ciencias experimentais e ciencias da saúde:

- Maruxa Álvarez Jiménez
- Eva Lantarón Caeiro

Ámbito ciencias xurídico-sociais:

- Xosé M^a Mahou Lago
- Ernesto López-Valeiras Sampedro

Ámbito humanidades e creación artística:

- Miguel Cuevas Alonso

Ámbito tecnolóxico:

- Francisco Javier Rodríguez Martínez
- M^a Inmaculada Fenollera Bolívar

Persoal de administración e servizos: 1 posto vacante

- M^a Isabel Vázquez Domínguez

O número de candidaturas presentadas non supera o de postos vacantes, polo que non cómpre celebrar eleccións.

Resultan elixidas as persoas propostas como candidatas.

20. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.

O reitor indica que presentouse a seguinte candidatura:

Estudante do ámbito tecnolóxico:

- Juan Jesús Rico Fuentes.

Non é preciso celebrar eleccións.

Resulta elixida a persoa candidata.

21. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Daniel Couto Cancela comenta sobre a campaña de hixiene “feminina” en relación coa terminoloxía empregada e que se inclúa ao colectivo “trans-“, propoñendo hixiene “menstrual”.

Xoan Cebro fai una pregunta e unha reflexión. A pregunta refírese ao traslado de certas facultades ao centro de Vigo e pide explicacións sobre as previsións do equipo de goberno a este respecto. A reflexión trata sobre a proposta de funcionarización da Xerencia, que pensa que vai por bo camiño e da que só quedan pequenos flecos. Cre que se trata do acordo máis importante para o PAS polo equipo de goberno da Universidade e que facilita moito a estrutura da RPT futura. Agradece ao equipo xerencial (xerenta e vixerente de persoal) o seu esforzo e os acordos acadados. Fai unha referencia crítica a un escrito remitido pola Valeduría e pensa que non está a facer un bo papel. Pregunta ao secretario xeral se a documentación que pasa pola Secretaría é tratada axeitadamente, dado que se poñen en dúbida certas cuestións relativas á comisión de servizos que en principio non están publicadas. O reitor entende que as negociacións de cara a funcionarización son de boa fe e que se debaten na mesa de negociación entre a Xerencia e os representantes dos traballadores e cre que deixa una pegada sólida de cara á RPT. O resto dos acordos son levados a cabo polos mecanismos lexítimos e que son defendidos polo equipo, aínda que non lle gusten a todo o mundo. En relación co asunto dos traslados, fala da importancia de ter presenza na cidade de Vigo. Estase a traballar en distintos eidos e con distintas administracións. Cre que unha medida de tal calibre debe negociarse amplamente e que haberá que ir dando pasos, contando co apoio do Consello de Goberno. Quere falalo con todos os centros e todas as titulacións do Campus de Vigo. Pero pensa que o idóneo sería que todos os estudantes de Vigo puideran estudar na cidade. Espera que haxa un amplo acordo con todos os colectivos cara a este asunto. Xa hai previstas diversas xuntanzas a este respecto para dar a coñecer este proxecto. A mudanza irá pouco a pouco. Agora darase un primeiro paso.

Raquel González López comenta as mencións do grao en educación, que só están recollidas como habilitantes no grao de educación primaria. Gustaríalle que se informase deste asunto ao alumnado e que se adoptaran medidas a este respecto. O reitor aclara que estase a estudar, aínda que non hai moitas posibilidades. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado insiste en que o plano de estudos é completamente legal e aclara como funciona o asunto das mencións. Se pode avanzar na información ao alumnado e xa se insistiu aos decanatos.

Marcos Estévez Orge felicita á Xerencia polo asunto da funcionarización. Fala asemade da dotación dos centros e pregunta polo espazo no Berbés e que servizos van estar alí, así como a dotación de persoal. Alerta tamén do custo que terá o traslado á cidade. O reitor manifesta a súa alegría polo futuro acordo da funcionarización aínda que non está rematado. Comenta que na mesa de negociación se decidirá o futuro dos espazos como o Berbés.

Emilio Fernández agradece ao Faro de Vigo a publicación da noticia sobre o posible traslado do Campus á cidade. Comenta sobre os plans complementarios de I+D+i nos que se identifican 8 áreas de actuación. Pregunta se hai actuacións concretas previstas da Xunta a este respecto e cal foi a



actuación da UVigo. O reitor indica que o decano da Facultade de Ciencias debeu ter informado ao seu profesorado sobre o asunto do movemento á cidade e que o propio Emilio Fernández xa coñecía (a quen lle agradece a súa discreción). Comenta que a Universidade de Vigo propuxo 33 iniciativas respecto dos fondos de I+D+i en el IDEGA aínda que o procedemento a seguir é complexo e aínda non está moi claro. Sinala diversas iniciativas levadas a cabo. Belén Rubio comenta que a Universidade de Vigo participou en catro das oito liñas e presentou diversas expresións de interese, unha en concreto moi potente no ámbito das ciencias mariñas. Outras no ámbito da biotecnoloxía aplicada ás ciencias da saúde, na computación cuántica e no eido da enxeñaría aeronáutica. Emilio Fernández agradece a información, aínda que comenta que o proceso foi distinto do seguido nas outras comunidades autónomas.

Antonio Ramos Vazquez pregunta no chat “el pasado 15 de febrero se pidió a la Secretaria Xeral el traslado a Asesoría Xurídica de una consulta por parte de la Delegación de Alumnos de Industriales. Desde Secretaría Xeral se trasladó al Vicerrectorado de Estudiantes (en contra de lo solicitado) y un mes después seguimos sin respuesta. ¿Por qué se nos ha redirigido la consulta al Vicerrectorado de Estudiantes si se solicitó trasladarlo a Asesoría Xurídica?”. Natalia Caparrini comenta que se está a la espera del informe.

Manuel Diz comenta un problema de vulnerabilidade de datos de Erasmus en moovi acerca de un blog del Centro de Linguas, para que se poña en privado. Se avisará ao Centro de Linguas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h. do día 12 de marzo de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral

UNIVERSIDAD DE VIGO - Límite de prazas 2021/2022

Cod.RUCT	TITULACIÓN DE GRADO	CENTRO	OFERTADAS EN EL CURSO 2020/21	OFERTADAS EN EL CURSO 2021/22	VARIACIONES
2501114	Grado en Ciencia y Tecnología de los Alimentos	Facultad de Ciencias	45	45	0
2502238	Grado en Ciencias Ambientales	Facultad de Ciencias	45	45	0
2502241	Grado en Ingeniería Agraria	Facultad de Ciencias	45	45	0
2500996	Grado en Geografía e Historia	Facultad de Historia	40	40	0
2501118	Grado en Derecho	Facultad de Derecho	50	50	0
7000487	PCEO Administración y Dirección de Empresas y Derecho	Facultad de Derecho	20	20	0
2501116	Grado en Administración y Dirección de Empresas	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	85	85	0
2501125	Grado en Turismo	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	55	55	0
7000778	PCEO Turismo e Geografía e Historia	Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	10	10	0
2501203	Grado en Educación Social	Facultad de Ciencias de la Educación	75	75	0
2501124	Grado en Trabajo Social	Facultad de Ciencias de la Educación	75	75	0
2501120	Grado en Educación Infantil	Facultad de Ciencias de la Educación	75	75	0
2501121	Grado en Educación Primaria	Facultad de Ciencias de la Educación	75	75	0
2501126	Grado en Ingeniería Informática	Escuela Superior de Ingeniería Informática	122	150	28
7000433	PCEO Informática y Administración y Dirección de Empresas	Escuela Superior de Ingeniería Informática	6	6	0
2503357	Grado en Ingeniería Aeroespacial	Escuela de Ingeniería Aeronáutica y del Espacio	50	50	0
2501202	Grado en Enfermería	Escuela Universitaria de Enfermería (Ourense)	50	60	10
2500096	Grado en Bellas Artes	Facultad de Bellas Artes	130	130	0
2501117	Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte	Facultad de Ciencias de la Educación y del Deporte	100	100	0
2501120	Grado en Educación Infantil	Facultad de Ciencias de la Educación y del Deporte	75	75	0
2501120	Grado en Educación Primaria	Facultad de Ciencias de la Educación y del Deporte	75	75	0
2502250	Grado en Ingeniería Forestal	Escuela de Ingeniería Forestal	45	45	0
2501122	Grado en Dirección y Gestión Pública	Facultad de Ciencias Sociais y de la Comunicación	45 ²⁵ presenciais + 20 semipresenciais	45 ²⁵ presenciais + 20 semipresenciais	0
2500466	Grado en Comunicación Audiovisual	Facultad de Ciencias Sociais y de la Comunicación	45	45	0
2500467	Grado en Publicidad y Relaciones Públicas	Facultad de Ciencias Sociais y de la Comunicación	100	100	0
2501115	Grado en Fisioterapia	Facultad de Fisioterapia	50	50	0
2501202	Grado en Enfermería (Pontevedra)	Escuela Universitaria de Enfermería	50	55	5
2502251	Grado en Ingeniería Mecánica	Centro Universitario de la Defensa (Marín) (*)	79	*	-
2500771	Grado en Lenguas Extranjeras	Facultad de Filología y Traducción	50	50	0
2500888	Grado en Traducción e Interpretación	Facultad de Filología e Traducción	120 Inglés-Español: 60 Inglés-Gallego: 40 Francés-Español: 20 Francés-Gallego:	120 Inglés-Español: 60 Inglés-Gallego: 40 Francés-Español: 20	0
	Grado en Filología Aplicada en Gallego y Español	Facultad de Filología y Traducción		50	-

2501085	Grado en Biología	Facultad de Biología	75	75	0
2501116	Grado en Administración y Dirección de Empresas	Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales	200	200	0
2501119	Grado en Economía	Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales	60	60	0
7000487	PCEO Administración e Dirección de Empresas e Derecho	Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales	40	40	0
2502244	Grado en Ingeniería de Tecnologías de Telecomunicación (Español)	Escuela de Ingeniería de Telecomunicación	130	130	0
2502244	Grado en Ingeniería de Tecnologías de Telecomunicación (Inglés)	Escuela de Ingeniería de Telecomunicación	20	20	0
2502239	Grado en Comercio	Escuela Universitaria de Estudios Empresariales	90	90	0
2501123	Grado en Relaciones Laborales y Recursos Humanos	Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo	72	80	8
2501118	Grado en Derecho	Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo	70	70	0
2502242	Grado en Ingeniería de la Energía	Escuela Técnica Superior de Ingeniería de Minas	50	50	0
2502243	Grado en Ingeniería de los Recursos Mineros y Energéticos	Escuela Técnica Superior de Ingeniería de Minas	50	50	0
2501086	Grado en Ciencias del Mar	Facultad de Ciencias del Mar	70	70	0
2501087	Grado en Química	Facultad de Química	60	60	0
2502245	Grado en Ingeniería Eléctrica	Escuela de Ingeniería Industrial	50	50	0
2502246	Grado en Ingeniería Electrónica Industrial y Automática	Escuela de Ingeniería Industrial	70	70	0
2502247	Grado en Ingeniería en Organización Industrial	Escuela de Ingeniería Industrial	64	64	0
2502248	Grado en Ingeniería en Química Industrial	Escuela de Ingeniería Industrial	50	50	0
2502249	Grado en Ingeniería en Tecnologías Industriales (Español)	Escuela de Ingeniería Industrial	60	60	0
2502249	Grado en Ingeniería en Tecnologías Industriales (Inglés)	Escuela de Ingeniería Industrial	20	20	0
2502251	Grado en Ingeniería Mecánica	Escuela de Ingeniería Industrial	110	110	0
2503668	Grado en Ingeniería Biomédica	Escuela de Ingeniería Industrial	44	44	0
7001083	PCEO Ingeniería Biomédica e Ingeniería en Electrónica Industrial y	Escuela de Ingeniería Industrial	6	6	0
7001084	PCEO Ingeniería Biomédica e Ingeniería Mecánica	Escuela de Ingeniería Industrial	6	6	0
7001085	PCEO Ingeniería Mecánica e Ingeniería en Electrónica Industrial y	Escuela de Ingeniería Industrial	10	10	0
2501202	Grado en Enfermería	Escuela Universitaria de Enfermería Meixoeiro (Vigo)	50	50	0
2501202	Grado en Enfermería	Escuela Universitaria de Enfermería Povisa (Vigo)	70	80	10
2501120	Grado en Educación Infantil	Escuela Universitaria de Profesorado de E.X.B. "María Sedes Sapientiae"	75	75	0
2501121	Grado en Educación Primaria	Escuela Universitaria de Profesorado de E.X.B. "María Sedes Sapientiae"	75	75	0
2501116	Grado en Administración y Dirección de Empresas	IESIDE	60	60	0
			3744	3726	61

* Pendiente de publicar en el BOE por el Ministerio de Defensa

UNIVERSIDADE DE VIGO - Límite de plazas 2021/2022

Cod.RUCT	TITULACIÓN DE MASTER	CENTRO	OFERTADAS EN EL CURSO 2020/21	OFERTADAS EN EL CURSO 2021/22	VARIACIONES
4310351	Máster Universitario en Acuicultura (Interuniversitario)	Facultade de Bioloxía	10	10	0
4314012	Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade	Facultade de CC Económicas e	25	25	0
4315056	Máster Universitario en Arqueoloxía e ciencias da antigüidade (interuniversitario)	Facultade de Historia	7	7	0
4313699	Máster Universitario en Avogacía-Vigo, Pontevedra, Ourense	Facultade de CC Xurídicas	95	95	0
4316672	Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural	Facultade de Bioloxía	10	10	0
4312997	Máster Universitario en Bioloxía Mariña (Interuniversitario)	Facultade de Bioloxía	10	10	0
4312439	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada (Interuniversitario)	Facultade de Bioloxía	15	15	0
4316520	Máster Universitario en Ciberseguridade (Interuniversitario)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	20	20	0
4315071	Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Facultade de Ciencias	30	30	0
4310382	Máster Universitario en Comercio Internacional	E.U. de Estudos Empresariais	50	50	0
4316521	Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	Facultade de Ciencias Sociais e da	25	25	0
4315758	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda	Facultade de Belas Artes	25	21	-4
4311035	Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	Facultade de Ciencias da Educación	25	25	0
4312604	Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade	Facultade de CC Sociais e da Comunicación	35	35	0
4313079	Máster Universitario en Dirección de PEMS	E.U. de Estudos Empresariais	30	30	0
4312204	Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)	Escola de Negocios Afundación	80	80	0
4313117	Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	Facultade de CC Empresariais e Turismo	32	40	8
4310625	Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos (Interuniversitario)	Facultade de Ciencias da Educación e do	20	20	0
4314011	Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	Facultade de CC Sociais e da Comunicación	25	25	0
4316577	Máster Universitario en Economía	Facultade de CC Económicas e	15	15	0
4310390	Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade (bienal)	Escola de Enxeñaría Industrial	0	30	30
4314030	Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción	Escola de Enxeñaría Industrial	40	38	-2
4314879	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	E.T.S. de Enxeñaría de Minas	30	30	0
4314896	Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	40	40	0
4314537	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	64	64	0
4313179	Máster Universitario en Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	25	25	0
4314355	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	Facultade de Filoloxía e Tradución	10	10	0
4310392	Máster Universitario en Finanzas	Facultade de CC Económicas e	35	35	0
4310397	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na diversidade en Contextos	Facultade de CC da educación	32	32	0
4316441	Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para	Facultade de Ciencias da Educación e do	20	20	0
4315288	Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do	15	15	0
4314854	Máster Universitario en Investigación Química e química industrial (Interuniversitario)	Facultade de Química	20	20	0
4314271	Máster Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)	Facultade de Filoloxía e Tradución	10	10	0
4314422	Máster Universitario en Matemática Industrial (Interuniversitario)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	20	20	0
4313049	Máster Universitario en Mecatrónica	Escola de Enxeñaría Industrial	35	30	-5
4310602	Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	Facultade de CC Xurídicas e do Traballo	25	25	0
4312440	Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	Facultade de Ciencias da Educación e do	35	32	-3

MASTER

4310850	Máster Universitario en Neurociencia (Interuniversitario)	Facultade de Bioloxía	10	10	0
4311048	Máster Universitario en Nutrición	Facultade de Ciencias	24	24	0
4315102	Máster Universitario en Oceanografía	Facultade de Ciencias do Mar	20	20	0
4316696	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	Escola de Enxeñaría Aeroespacial	12	12	0
4310398	Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais	Escola de Enxeñaría Industrial	50	50	0
4311037	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria,	Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias	280	280	0
4314273	Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional	Facultade de Química	3	3	0
4310361	Máster Universitario en Técnicas Estatísticas (Interuniversitario)	Facultade de CC Económicas e	25	25	0
4312437	Máster Universitario en Tradución Multimedia	Facultade de Filoloxía e Tradución	30	30	0
4314063	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional	Facultade de Filoloxía e Tradución	30	30	0
4315075	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	Facultade de Historia	20	20	0
4316711	Máster Universitario en Xenómica e Xenética	Facultade de Bioloxía	15	15	0
4310386	Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible	Facultade de CC Económicas e	25	25	0
4312031	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral (Interuniversitario)	Facultade de CC Xurídicas e do Traballo	30	30	0
4312994	Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	30	25	-5
4312601	Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca (bienal)	Facultade de Química	30	0	-30
4312601	Máster Universitario en Dirección TIC para la defensa	Centro Universitario de la Defensa (Marín)	25	30	5
4317228	Máster Universitario en Dirección e Innovación da Supply Chain	Escola de Enxeñaría Industrial	30	35	5
4317355	Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía (Interuniversitario)	Facultade de Química	13	13	0
4316989	Master Universitario en Visión por Computador (Interuniversitario)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	6	6	0
4317056	Máster Universitario en Industria 4.0 (Interuniversitario)	Escola de Enxeñaría Industrial	15	15	0
	Máster Universitario en Desafíos das Cidades Atlánticas (Interuniversitario)	Facultade de Ciencias da Educación		6	6
			1763	1768	5

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2021/2022				
		H_MIN	H_MATR	PDA	COAP	DIF
O01M139V01	Máster Universitario en Nutrición	240	270	270	270	0
O01M142V01	Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	255	366	366	255	111
O02M143V03	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	240	277	277	249	28
O02M187V01	Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	135	39	135	27	108
O03M110V01	Máster Universitario en Avogacía-Ourense	432	324	432	428	4
O05M053V01	Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	240	400	400	314	86
O06M132V03	Máster Universitario en Enxeñaría Informática	768	434	768	768	0
O07M174V01	Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	210	106	210	210	0
P01M171V01	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda	540	590	590	678	-88
P02M156V01	Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	250	256,667	257	250	7
P02M163V01	Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	220	325,833	326	231	95
P02M178V01	Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educació	225	306	306	300	6
P04M110V01	Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra	432	216	432	432	0
P04M125V01	Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	270	514	514	497	17
P04M176V01	Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	225	345	345	342	3
P52M182V01	Master Universitario en Dirección TIC para a defensa					
V01M121V01	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	210	128	210	199	11
V01M126V01	Máster Universitario en Lingüística Aplicada	240	168	240	240	0
V01M128V01	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional	300	568	568	568	0
V02M066V01	MUPESOBFPEI. Especialidade: Ciencias Experimentais. Bioloxía, Xeoloxía, Física e Química	2440	3839,5	2440	2440	0
V02M074V01	Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	300	300	300	314,5	-14,5
V02M098V01	Máster Universitario en Bioloxía Mariña	300	212	300	316	-16
V02M099V01	Máster Universitario en Neurociencia	205	107	205	104	101
V02M102V03	Máster Universitario en Acuicultura	420	188	420	373	47
V02M173V01	Máster Universitario en Xenómica e Xenética	180	108	180	206	-26
V02M179V01	Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	345	200	345	292	54
V03M134V01	Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social C	235	407,333	408	408	0
V03M177V01	Máster Universitario en Economía	330	204	330	330	0
V03M184V01	Máster Universitario en Técnicas Estatísticas	375	128,333	375	375	0
V04M141V02	Máster Universitario en Enxeñaría Industrial	3432	1677	3432	3432	0
V05M135V01	Máster Universitario en Matemática Industrial	300	132	300	300	0
V05M145V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación	1480	723	1480	1394	86
V05M175V01	Máster Universitario en Ciberseguridade	300	170,333	300	358	-58
V05M185V01	Máster Universitario en Visión por computador	300	118	300	126	174
V06M092V01	Máster Universitario en Dirección de PEMES	240	368	368	368	0
V06M101V02	Máster Universitario en Comercio Internacional - Presencial	240	397	397	384	13
V06M101V03	Máster Universitario en Comercio Internacional - Non Presencial	240	400	400	384	16
V08M042V01	Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	240	400	400	367	33
V08M110V01	Máster Universitario en Avogacía-Vigo	432	522	864	864	0
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	936	307,5	936	1044	-108
V10M153V01	Máster Universitario en Oceanografía	270	180	270	320	-50
V11M131V01	Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional	150	10	50	50	0
V11M162V02	Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial	180	162	180	144	36
V11M188V01	Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía	195	52	195	195	0
				21821	21146	

ANEXO I

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN APLICABLES AOS MÉRITOS CORRESPONDENTES AO ANO 2021

INTRODUCCIÓN

A investigación é un dos eidos fundamentais da actividade na Universidade, e a súa axeitada avaliación pode ser unha ferramenta para o incentivo da devandita actividade e a definición e fortalecemento das liñas estratéxicas das institucións.

Ao longo dos anos pasados empregáronse distintos baremos para a avaliación da produción científica, que foron adaptándose á situación xeral da Universidade e do contorno socio-económico. O desenvolvemento da investigación no contexto autonómico, nacional e internacional, e a implantación e evolución dos indicadores das actividades de I+D+I aconsellan a continua revisión e actualización dos criterios de avaliación. Nesta revisión deben terse en conta os aspectos máis destacados na consideración actual da I+D+I, como son o interese na internacionalización da investigación e o desenvolvemento de liñas de traballo multidisciplinares, ou a aplicación de criterios de calidade e excelencia como un requirimento para mellorar a competitividade da universidade.

Nos criterios de avaliación da produción de investigación aquí presentados preténdese simplificar no posible o proceso avaliador, considerando os elementos máis significativos da difusión da actividade investigadora, confirmada polo rigor e esixencia no proceso de selección das publicacións, e a difusión internacional.

Preténdese utilizar criterios estandarizados, de aceptación xeneralizada, e o máis obxectivos posible. Tamén se terá en conta as particularidades dos diversos ámbitos de coñecemento, para que todos os ámbitos estean en condicións de igualdade para tender á calidade e á excelencia.

Tenderase así mesmo a unha máxima transparencia no proceso de avaliación, garantindo a posibilidade de que os investigadores e investigadoras coñezan a valoración da súa produción, e poidan presentar as correspondentes reclamacións se fose necesario.

CRITERIOS XERAIS

- A. Avaliaranse os méritos correspondentes ao ano 2021.
- B. Os méritos avaliaranse sempre que no documento acreditativo (libro, artigo etc.) figure expresamente que a autora ou autor é da Universidade de Vigo, salvo que nese período non se incorporase a esta. Poderase ter en conta outra documentación acreditativa (p.e. artigos de prensa), na que se indique expresamente e se faga visible a relación entre o mérito, os autores e/ou autoras do mesmo e a súa vinculación coa Universidade de Vigo.
- C. Avaliaranse méritos en distintos soportes (papel, electrónico, etc.) sempre que estes cumpran os criterios que se requiren para o seu recoñecemento (ISBN, ISSN ou equivalentes).
- D. Non se considerarán aqueles méritos dos que a documentación sexa insuficiente ou confusa ou recibida fora de prazo.
- E. Só se avaliarán os méritos daquelas persoas que sexan membros da Universidade de Vigo no momento da solicitude.

Poderán solicitar a avaliación da produción de investigación: o profesorado fixo de cadro de persoal (catedráticos/as e titulares de universidade, catedráticos/as e titulares de escola universitaria, profesores/as contratados/as doutores/as, profesorado emérito), persoal investigador posdoutoral contratado con cargo a programas competitivos (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, posdoutorais da Xunta de Galicia, Marie Curie, posdoutorais da Universidade de Vigo, persoal investigador distinguido, investigadores do programa JIN e profesorado axudante, profesorado asociado, lectores/as e estudantes de doutoramento vinculados a un grupo de investigación da Universidade de Vigo).

Non se considerarán, para os efectos de solicitude de avaliación da produción de investigación: o profesorado de listas de agarda, o profesorado invitado ou visitante e persoal investigador contratado con cargo a proxectos que non estea cursando estudos de doutoramento na Universidade de Vigo.

- F. En canto ao número de autores
 - Os puntos asignados a cada mérito dividiranse entre o número total de autoras/es, e asignarase a cada investigadora ou investigador da Universidade de Vigo o que lle corresponda.
Se o número de autores/as da Universidade de Vigo, é igual ou superior a un terzo do número total de autores/as, computarase o traballo como realizado na súa totalidade por autores/as da Universidade de Vigo, e dividirase a puntuación total do mérito entre estes.
 - Os traballos asinados por varios autoras e/ou autores que pertencen a distintos departamentos deberán ser solicitados por cada un dos departamentos implicados. O mérito será avaliado unha soa vez, e os puntos totais correspondentes ao mesmo serán repartidos de xeito proporcional entre todos os autoras e/ou autores.
 - No caso das revistas Nature e Science, trala consideración de autores do baremo do apartado 2.1, a puntuación dividirase polo número de autores pertencentes a Universidade de Vigo.
- G. Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. Cando un mérito de investigación sexa presentado nun apartado que non corresponda, non será valorado.
- H. Coa intención de corrixir discriminacións contra a muller, aplicarase a presente convocatoria a Resolución Reitoral do 18 de xaneiro de 2021 pola que se regula a acción positiva aprobada no Consello de Goberno do 29 de abril de 2019, para incluír nas convocatorias propias de docencia, investigación e transferencia na Universidade de Vigo. Dita resolución e toda a información relacionada está dispoñible no enlace

<https://www.uvigo.gal/accion-positiva> . No caso de atoparse nalguna das situacións descritas no ámbito de aplicación desta acción, deberase presentar a solicitude da acción positiva (Anexo I da citada RR, dispoñible en https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-01/anexo_I.pdf) xunto coa documentación indicada na citada RR. Tamén, de ser necesario, deberase presentar o Anexo II, dispoñible en https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-01/anexo_II.pdf .

- I. Non será preciso que o departamento entregue aquela documentación que teña avaliación automática, agás que se solicite expresamente. A Vicerreitoría de Investigación levará a cabo unha comprobación por mostraxe da veracidade dos datos rexistrados. Para ese efecto poderá solicitar dos departamentos, no momento que considere oportuno, a xustificación correspondente a todos ou algúns dos méritos rexistrados, establecéndose un prazo para que os anteditos departamentos preparen e envíen, se procede, a referida documentación. En todo caso, unha vez avaliada a produción de investigación, a documentación requirida será devolta integramente ao departamento.
Realizada a verificación, en caso de detectarse o rexistro de méritos non avaliados segundo os presentes criterios, ou méritos para os cales non exista a documentación xustificativa completa, a Vicerreitoría de Investigación procederá a anular os méritos correspondentes, e non se permitirá participar ao persoal investigador implicado na seguinte convocatoria da produción de investigación.
- J. Os departamentos serán responsables de verificar a documentación acreditativa dos méritos presentados polos seus membros, e proceder á validación na aplicación informática soamente no caso que o mérito sexa avaliábel segundo o indicado nos presentes criterios, e a documentación acreditativa sexa correcta. Non se avaliará ningún mérito que non fora validado polo departamento durante o prazo establecido para tal fin. A relación definitiva dos méritos solicitados deberá contar co visto e prace do Consello de Departamento.
- K. A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, realizará a avaliación dos distintos méritos presentados, para o cal poderá solicitar o asesoramento que estime conveniente. Así mesmo, velará porque non se produzan duplicacións de méritos, e resolverá as dúbidas ou fará as aclaracións que sexan necesarias.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

I. LIBROS

Documentación: No caso de obras completas presentárase a portada, índice e páxinas onde se xustifique a autoría e afiliación. No caso de capítulos poderase presentar unha fotocopia do capítulo, e das páxinas onde se indique toda a información necesaria para a avaliación do mérito. Pode presentarse a documentación en formato dixital, sen prexuízo de que os orixinais poidan ser solicitados para o cotexo. Ademais, deberánse proporcionar os datos necesarios para a avaliación, tanto de obras completas como de capítulos, segundo os medios indicados polo Vicerreitoría de Investigación

- Consideraranse neste apartado os seguintes tipos de publicacións de investigación: libros, monografías, edicións críticas sempre que os textos figuren co seu aparato crítico e un estudo razoado previo, catálogos de exposicións, traballos audiovisuais, e traducións de libros que conteñan un estudo da obra, un xuízo crítico ou unhas anotacións que se deriven dunha investigación.
- Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN, ou requisito equivalente, de acordo coas normas internacionais, e nos que a editorial teña utilizado un editor, editora ou comité editorial que supervise o proceso de creación e edición do libro.
- A publicación de Teses de Doutoramento, Proxectos Fin de Carreira, Teses de Licenciatura, Mestrados ou Graos non se considerará neste apartado.
- Non se valorarán os libros de divulgación, os libros de texto ou docentes, os casos ou os supostos prácticos que teñan como obxectivo prioritario servir de apoio na docencia, as publicacións relacionadas con cursos ou xornadas de formación, nin as publicacións derivadas de calquera tipo de evento.
- Non se valorarán neste apartado as actas de congresos, nin no relativo á autoría nin á edición das mesmas.
- Non se valorarán os libros que sexan editados polos propios autores, autoras ou por persoas físicas, ou por empresas de reprografía, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.
- As distintas edicións dun mesmo libro non se valorarán. Non se consideran prólogos de libros.
- A avaliación farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados, o nivel de calidade do panel de editoras e/ou editores, a existencia de consello científico internacional, a práctica acreditada de revisión por pares, etc. A lingua de publicación non será considerada como factor determinante do ámbito no que se encadre unha editorial cara á avaliación.
- A Comisión de Investigación establecerá conxuntos de editoriais nos que os méritos reciban puntuación fixa. No procedemento de avaliación da produción de investigación incluírase unha etapa inicial para a solicitude polo persoal investigador, a través dos departamentos, da inclusión de editoriais nas diversas categorías de puntuación.
- A suma dos capítulos dun mesmo libro non poderá superar a puntuación que correspondería polo libro completo.
- No caso de catálogos de exposicións e traducións de libros, non se valorará o mérito neste apartado se é valorado na produción de transferencia.

1.1 Libros completos de investigación

	Editorial	Como autor/a	Como editor/a
Editorial de ámbito internacional	Tipo I1	24 puntos	8 puntos
	Tipo I2	18 puntos	6 puntos
	Tipo I3	12 puntos	4 puntos
Editorial de ámbito estatal	Tipo E1	16 puntos	6 puntos
	Tipo E2	12 puntos	4 puntos
	Tipo E3	6 puntos	2 puntos
Editorial de ámbito autonómico ou local	Tipo A1	10 puntos	3 puntos
	Tipo A2	6 puntos	2 puntos
	Tipo A3	4 puntos	1 puntos

1.2 Capítulo de Libro

	Editorial	Como autor/a
Editorial de ámbito internacional	Tipo I1	8 puntos
	Tipo I2	6 puntos
	Tipo I3	3 puntos
Editorial de ámbito estatal	Tipo E1	4 puntos
	Tipo E2	3 puntos
	Tipo E3	2 puntos
Editorial de ámbito autonómico ou local	Tipo A1	2,5 puntos
	Tipo A2	1,5 puntos
	Tipo A3	1 punto

II. ARTIGOS OU TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PUBLICADOS EN REVISTAS

Documentación: Colgarase no SUXI a copia completa do traballo, no que conste a data de publicación, o nome da revista e os autores e/ou autoras. Poderase presentar a documentación equivalente en formato dixital, sen prexuízo de que os orixinais poidan ser solicitados para o cotexo. Ademais, deberánse proporcionar os datos necesarios para a avaliación, tanto de obras completas como de capítulos, segundo os medios indicados polo Vicerreitoría de Investigación.

Criterios de clasificación de revistas:

En todos os casos, utilizaranse as bases de datos* do último ano dispoñible no momento da avaliación.

Establécense as seguintes categorías:

TIPO A: Revistas que aparezan no JCR-SCI ou JCR-SSCI, no SJR con índice de impacto, no grupo A da clasificación CIRC, no A&HCI, no ERIH ou no grupo A do CARHUS.

Distinguiranse catro subcategorías:

A_D1: aquelas revistas contidas no primeiro decil do índice de citas do JCR-SCI ou JCR-SSCI, no primeiro decil do SJR.

A1: aquelas revistas contidas no primeiro cuartil do índice de citas do JCR-SCI ou JCR-SSCI, no primeiro cuartil do SJR ou no grupo de excelencia do CIRC.

A2: aquelas revistas contidas no segundo cuartil do índice de citas do JCR-SCI ou JCR-SSCI, ou no segundo cuartil do SJR.

A3: aquelas revistas contidas no terceiro cuartil do índice de citas do JCR-SCI ou JCR-SSCI, no terceiro cuartil do SJR.

A4: aquelas revistas contidas no cuarto cuartil do índice de citas do JCR-SCI ou JCR-SSCI, cuarto cuartil do SJR (sempre que teñan índice de impacto), ERIH, e resto de revistas do tipo A non incluídas nas subcategorías anteriores.

Co obxecto de ter en conta as particularidades dos diversos ámbitos de coñecemento, e promover a investigación de calidade e de difusión internacional, os puntos obtidos por publicación de artigos en revistas do JCR-SSCI (Journal Citation Reports, Social Sciences Edition) e Arts & Humanities Citation Index, e do primeiro cuartil do JCR-SCI (Journal Citation Reports, Science Edition) serán multiplicados por un factor 2.

TIPO B: Revistas que non se atopan catalogadas como tipo A e que estean incluídas no Grupo B do CIRC (que inclúe revistas que contan con o selo de calidade do FECYT), no grupo B do CARHUS, ou que aparezan en Scopus.

TIPO C: Revistas que non se atopan catalogadas como tipo A nin B, e que estean incluídas no Grupo C do CIRC (que inclúe as revistas indexadas no ESCI) ou no grupo C do CARHUS.

TIPO D: Revistas de investigación non incluídas en apartados anteriores.

* Bases de datos:

- JCR-SCI (Journal Citation Reports, Science Edition)
- JCR-SSCI (Journal Citation Reports, Social Sciences Edition)
- SJR (SCImago Journal Rank)
- CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas)
- ERIH (European Reference Index for the Humanities)
- A&HCI (Arts and Humanities Citation Index)
- CARHUS (Sistema de avaliación de revistas científicas dos ámbitos das Ciencias Sociais e Humanidades)
- SCOPUS

2.1 Autoría de artigos en revistas

O baremo será como sigue:

Revista TIPO A	Nature, Science: Si nº autores < 5	60 puntos
	Si nº autores 5-20	48 puntos
	Si nº autores 20-50	30 puntos
	Si nº autores > 50	24 puntos
	AD1:	42 puntos
	A1:	36 puntos
	A2:	24 puntos
	A3:	18 puntos
	A4:	12 puntos
Revista TIPO B		5 puntos
Revista TIPO C		3 puntos
Revista TIPO D		1 punto

No caso de notas breves:

- Revista **TIPO A**: Un terzo dos puntos que lle correspondería ao artigo extenso, agás no caso das publicadas en Nature ou Science, nos que se considera a puntuación completa.
- Revista **TIPO B**: 2 puntos
- Revista **TIPO C**: 0,5 puntos
- Revista **TIPO D**: 0,25 puntos

En todos os casos, quedan expresamente excluídos os artigos en xornais de divulgación, os documentos de traballo e os resumos de congresos.

2.2 Edición de revistas

Revista TIPO A	A1	A2	A3	A4
Editor/a xefe/a	30 ptos	24 ptos	18 ptos	12 ptos
co-editor/a, editor/a asociado/a, editor/a rexional	15 ptos	12 ptos	9 ptos	6 ptos
Membro do consello de redacción, editor/a invitado/a	3 ptos	2,4 ptos	1,8 ptos	1,2 ptos

	TIPO B	TIPO C	TIPO D
Editor/a xefe/a	5 ptos	1 pto	0,5 ptos
co-editor/a, editor/a asociado/a, editor/a rexional	2,5 ptos		
Membro do consello de redacción, editor/a invitado/a	0,5 ptos		

2.3 Censor/a de artigos de revistas

Revista **TIPO A**: 1 punto por artigo, ata un máximo de 6 puntos por ano.

III. TESES DE DOUTORAMENTO LIDAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO OU EN COTUTELA

Documentación: *Achegaranse os datos e documentación só no caso da dirección de teses non lidas na Universidade de Vigo.*

No caso de que o doutorando ou doutoranda non sexa membro da Universidade de Vigo para os efectos do reparto da produción de investigación, os puntos da realización sumaranse a quen dirixa a tese de doutoramento.

Realización: 8 puntos

Dirección: 6 puntos

Teses co-dirixidas: de non seren lidas na Universidade de Vigo daranse 6 puntos pola dirección (a dividir entre as codirectoras e codirectores).

ANEXO I. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE TRANSFERENCIA APLICABLES AOS MÉRITOS CORRESPONDENTES AO ANO 2021

INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos vimos observando unha clara tendencia á valorización da transferencia de coñecemento, como vía de progreso da sociedade. Isto queda reflectido, tanto no ámbito estatal como autonómico, no eido legislativo e nos sucesivos Plans de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. Por exemplo, a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, fai énfase na importancia da transferencia, con comentarios como "O esforzo realizado por España nas dúas últimas décadas por situar a súa ciencia a nivel internacional debe complementarse agora cunha maior énfase na investigación técnica e o desenvolvemento tecnolóxico e na transferencia dos resultados de investigación cara ao tecido produtivo", ou incluíndo novos conceptos como a "transferencia inversa do coñecemento" liderada polo sector empresarial en colaboración cos axentes de investigación. Pola súa banda, tamén a Xunta de Galicia aposta pola transferencia a través do seu Plan Galicia Innova 2020 que constitúe o marco instrumental para articular e reforzar a política de I+D+i, e acadar os obxectivos da Extratexia de Especialización Intelixente de Galicia.

A transferencia de coñecemento preséntase polo tanto como un dos eidos fundamentais da actividade na Universidade, e a súa axeitada avaliación pode ser unha ferramenta para a súa incentivación e a definición e fortalecemento das liñas estratéxicas das institucións. A nosa universidade foi unha das primeiras do estado na avaliación específica dos méritos relacionados coa transferencia de coñecemento do seu persoal investigador.

A Universidade de Vigo formula a avaliación das actividades investigadoras de cada membro mediante dous tipos de indicadores, complementarios entre eles: por una banda, a produción de investigación e por outra a produción de transferencia. Nos dous conxuntos de criterios primarase a calidade, establecéndose políticas específicas para reforzar as actividades investigadoras e de transferencia.

Os criterios de avaliación da produción de transferencia aquí presentados teñen como obxectivo valorizar, visibilizar e potenciar a actividade do persoal investigador da Universidade de Vigo neste eido. Preténdese que o proceso avaliador sexa o mais sinxelo estandarizado e transparente posible, considerando os elementos máis significativos da actividade de transferencia dende unha perspectiva de calidade e excelencia, e tendo en conta as particularidades dos diversos ámbitos de coñecemento.

Tenderase así mesmo a unha máxima transparencia no proceso de avaliación, garantindo a posibilidade de que os investigadores e investigadoras coñezan a valoración da súa produción, e poidan presentar as correspondentes reclamacións se fose necesario.

CRITERIOS XERAIS

- A) Avaliaranse os méritos correspondentes ao ano 2021.
- B) Os méritos avaliaranse sempre que no documento acreditativo figure expresamente que a autora ou autor é da Universidade de Vigo. Poderase ter en conta outra documentación acreditativa (p. ex. artigos de prensa), na que se indique expresamente e se faga visible a relación entre o mérito, os autores e/ou autoras do mesmo e a súa vinculación coa Universidade de Vigo.
- C) Avaliaranse méritos en distintos soportes (papel, electrónico, etc.) sempre que estes cumpran os criterios que se requiren para o seu recoñecemento. Cando sexa posible, o soporte empregado será electrónico.
- D) Non se considerarán aqueles méritos dos que a documentación sexa insuficiente, confusa ou recibida fora de prazo.
- E) Só se avaliarán os méritos daquelas persoas que sexan membros da Universidade de Vigo no momento da solicitude.

Poderán solicitar a avaliación da produción de transferencia: o profesorado fixo de cadro de persoal (catedráticos/as e titulares de universidade, catedráticos/as e titulares de escola universitaria, profesores/as contratados/as doutores/as, profesorado emérito e honorífico), persoal investigador posdoutoral contratado con cargo a programas competitivos (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva, posdoutorais da Xunta de Galicia, Marie Curie, posdoutorais da Universidade de Vigo, persoal investigador distinguido e persoal do programa JIN), profesorado axudante, profesorado asociado, lectores/as e estudantes de doutoramento vinculados a un grupo de investigación da Universidade de Vigo.

Non se considerarán, para os efectos de solicitude de avaliación da produción de transferencia: o profesorado de listas de agarda, o profesorado invitado ou visitante e o persoal investigador contratado con cargo a proxectos que non estea cursando estudos de doutoramento na Universidade de Vigo.

- F) Coa intención de corrixir discriminacións, aplicarase á presente convocatoria a Resolución Reitoral do 18 de xaneiro de 2021 pola que se regula a acción positiva aprobada no Consello de Goberno do 29 de abril de 2019, para incluír nas convocatorias propias de docencia, investigación e transferencia na Universidade de Vigo. Dita resolución e toda a información relacionada está dispoñible no enlace <https://www.uvigo.gal/accion-positiva> . No caso de atoparse nalgunha das situacións descritas no ámbito de aplicación desta acción, deberase presentar a solicitude da acción positiva (Anexo I da citada RR, dispoñible en https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-01/anexo_I.pdf) xunto coa documentación indicada na citada RR. Tamén, de ser necesario, deberase presentar o Anexo II, dispoñible en https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2021-01/anexo_II.pdf .

- G) Os puntos asignados a cada mérito dividiranse entre o número total de autoras/es, e asignarase a cada investigadora ou investigador da Universidade de Vigo o que lle corresponda.

Se o número de autores/as da Universidade de Vigo, é igual ou superior a un terzo do número total de autores/as, computarase o traballo como realizado na súa totalidade por autores/as da Universidade de Vigo, e dividirase a puntuación total do mérito entre estes.

- H) Os traballos asinados por varios autoras e/ou autores que pertencen a distintos departamentos deberán ser solicitados por cada un dos departamentos implicados. O mérito será avaliado unha soa vez, e os puntos totais correspondentes ao mesmo serán repartidos de xeito proporcional entre todos os autoras e/ou autores.
- I) Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. Cando un mérito de transferencia sexa presentado nun apartado que non corresponda, non será valorado. Do mesmo xeito, non se poderá presentar un mesmo mérito á produción de investigación e á produción de transferencia.
- J) A Vicerreitoría de Investigación levará a cabo unha comprobación por mostraxe da veracidade dos datos rexistrados. Para ese efecto poderá solicitar dos departamentos, no momento que considere oportuno, a xustificación correspondente a todos ou algúns dos méritos rexistrados, establecéndose un prazo para que os anteditos departamentos preparen e envíen, se procede, a referida documentación. En todo caso, unha vez avaliada a produción de transferencia, a documentación requirida será devolta integramente ao departamento.

Realizada a verificación, en caso de detectarse o rexistro de méritos non avaliados segundo os presentes criterios, ou méritos para os cales non exista a documentación xustificativa completa, a Vicerreitoría de Investigación procederá a anular os méritos correspondentes, e non se permitirá participar ao persoal investigador implicado na seguinte convocatoria da produción de transferencia.

- K) Os departamentos serán responsables de verificar a documentación acreditativa dos méritos presentados polos seus membros, e proceder á validación na aplicación informática soamente no caso que o mérito sexa avaliados segundo o indicado nos presentes criterios, e a documentación acreditativa sexa correcta. Non se avaliará ningún mérito que non fora validado polo departamento durante o prazo establecido para tal fin. A relación definitiva dos méritos solicitados deberá contar co visto e prace do Consello de Departamento.
- L) A Comisión de Investigación, delegada de Consello de Goberno, realizará a avaliación dos distintos méritos presentados, para o cal poderá solicitar o asesoramento que estime conveniente. Así mesmo, velará porque non se produzan duplicacións de méritos, e resolverá as dúbidas ou fará as aclaracións que sexan necesarias.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

Índices de PRODUCCIÓN DE TRANSFERENCIA	
TRANSFERENCIA A TRAVÉS DA FORMACIÓN DE INVESTIGADORES	
A.1. Dirección de Teses Industriais (Non valoradas na produción de investigación)	15
TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO PROPIO A TRAVÉS DE ACTIVIDADES CON OUTRAS INSTITUCIÓN	
B.1. Participación en comités, comisións, etc. formados por membros de relevancia internacional no seu ámbito de actuación.	5
TRANSFERENCIA XERADORA DE VALOR ECONÓMICO	
C. Proxectos, colaboracións e convenios con empresas:	Nota C
C.1. Importe das actividades contratadas de I+D (contratos, informes/ditámenes e cursos) con empresas e institucións.	
C.1.1. No caso de ser investigador principal.	20
C.1.2. No caso de ser colaborador e haber un máximo de 4 colaboradores.	10
C.1.3. No caso de ser colaborador e haber 5 ou máis colaboradores.	5
C.2. Importe de proxectos de I+D+i colaborativa que inclúan unha empresa, como socio).	
C.2.1. No caso de ser investigador principal.	20
C.2.2. No caso de ser colaborador e haber un máximo de 4 colaboradores.	10
C.2.3. No caso de ser colaborador e haber 5 ou máis colaboradores.	5
D. Contratos de licenza:	
D.1. Ingresos dos contratos de licenza.	25
E. Propiedade Industrial:	Nota E
E.1. Nº de Patentes concedidas.	
E.1.1 Nacionais (nas bases de datos da OEPM -Oficina Española de Patentes y Marcas-).	
E.1.1.1. Sen explotar.	3
E.1.1.2. En explotación.	20
E.1.2. Internacionais (nas bases de datos da EPO -European Patent Office-)	
E.1.2.1. Sen explotar.	5
E.1.2.2. En explotación.	25
E.2. Nº de Modelos de Utilidade concedidos.	
E.2.1. Sen explotar.	1
E.2.2. En explotación.	3
F. Creación de Empresas de SPIN-OFFs	Nota F
F.1. Nº de empresas creadas.	20
F.2. Importe da facturación anual.	1

TRANSFERENCIA XERADORA DE VALOR SOCIAL	
G. Resultados da creación artística:	Nota G
G.1. Produción Artística: Obras e realizacións artísticas. Proxectos artísticos. Procesos artísticos. Innovación en medios e instrumentos artísticos. Documento-creación. Comisariado. Proxectos interdisciplinaís.	45
G.2. Produción Audiovisual: Produción e creación. Organización de festivais e concursos. Medios de distribución de material audiovisual.	45
G.3. Deseño: Produtos de consumo e equipamento profesional. Ambientes. Museográfico e expositivo. Escenográfico. Gráfico. Mobiliario e materiais de decoración. Packaging. Moda e Têxtil. Videoxogos. Comisariado en deseño.	45
G.4 Premios en los ámbitos de creación artística de los apartados anteriores	
G.4.1. Internacional.	
G.4.1.1. Primeiro premio.	45
G.4.1.2. Outros premios e Accésits.	15
G.4.2. Nacional.	
G.4.2.1. Primeiro premio.	27
G.4.2.2. Outros premios e Accésits.	15
G.4.3. Outros concursos.	
G.4.3.1. Primeiro premio.	6
G.4.3.2. Outros premios e Accésits.	3
H. Creación Literaria:	Nota H
H.1. Competitiva.	
H.1.1. Concurso internacional competitivo.	
H.1.1.1. Primeiro premio.	45
H. 1.1.2. Outros premios e Accésits.	15
H.1.2. Concurso nacional competitivo.	
H.1.2.1. Primeiro premio.	27
H.1.2.2. Outros premios e Accésits.	9
H.1.3. Outros concursos.	
H.1.3.1. Primeiro premio.	6
H.1.3.2. Outros premios e Accésits.	3
H.2. Elaboración de dicionarios (dicionarios completos, entradas).	10
I. Software Libre e Open Source:	
I.1. Liberación de software posto a disposición da comunidade científica mediante repositorios públicos recoñecidos (SourceForge, GoogleCode, etc.), e avaliado por unha publicación científica asociada, no ano de avaliación.	10
J. Proxectos de Cooperación internacional	
J.1. Dirección ou participación en Proxectos de cooperación internacional cun ingreso para a Universidade de Vigo maior de 60.000 €	
J.1.1. No caso de ser investigador principal.	20
J.1.2. No caso de ser colaborador e haber un máximo de 4 colaboradores.	10
J.1.3. No caso de ser colaborador e haber 5 ou máis colaboradores.	5
J.2. Dirección ou participación en Proxectos de cooperación internacional cun ingreso para a Universidade de Vigo menor ou igual a 60.000 €	
J.2.1. No caso de ser investigador principal.	10
J.2.2. No caso de ser colaborador e haber un máximo de 4 colaboradores.	5
J.2.3. No caso de ser colaborador e haber 5 ou máis colaboradores.	2

K. Actividades de Transferencia Social, cultural e educativa	Nota K
K.1. Organización de congresos, xornadas, seminarios ou cursos de formación destinados a persoas externas á Universidade de Vigo (mínimo 5 horas)	
K.1.1.-No caso de formar parte do Comité Organizador ou equivalente.	5
K.1.2.-No caso de formar parte do Comité Científico ou equivalente.	2
K.2. Actividades non lucrativas de carácter representativo ou de asesoramento para persoas físicas ou xurídicas e institucións distintas á Universidade de Vigo (elaboración de informes xurídico técnicos, pertenza a consellos de organismos públicos, presidencias de convenios colectivos, arbitraje en eleccións sindicais, etc.).	
K.2.1. No caso de que exista nomeamento como representante da Uvigo.	5
K.2.2. No caso de que non exista nomeamento como representante da Uvigo.	3
K.3. Elaboración de Publicacións de divulgación Científica Educativa.	
K.3.1. Libro.	8
K.3.2. Capítulo de libro.	3
K.3.3. Artigo de divulgación.	2
K.4. Participación en comités de estandarización, coautoría o coedición de normas, estándares ou especificacións técnicas.	5
K.5. Recensiones realizadas (non inclúe as de artigos).	5
K.6. Tradución de libros técnicos ou literarios.	5

Nota C) A suma total do ingreso en cada apartado dividirase entre 25.000 euros, e o número resultante multiplicarase polos puntos asignados (*20 puntos se é o investigador principal, 10 puntos se é colaborador e hai un máximo de 4 colaboradores e 5 puntos se é colaborador e hai 5 ou máis colaboradores*). O investigador ou investigadora principal/responsable con dereito a valoración será quen figure como tal na memoria do proxecto/contrato asinado. As cantidades sempre se refiren ao ingresado pola Universidade de Vigo. Para acadar puntuación en cada un destes apartados, a suma total do ingreso en cada un deles deberá superar un mínimo de 10.000 euros no ámbito científico-tecnolóxico e 3.000 euros no resto dos ámbitos. Se computará a cantidade total do proxecto/contrato no ano da resolución definitiva/sinatura.

Se consideran Proxectos de I+D+i colaborativa aqueles en las que participe unha empresa como socia.

Nota E) Considerarase como data de referencia a data de aprobación pola OEPM (Oficina Española de Patentes y Marcas). Non se considerarán mentres estean en trámite. As patentes extendidas e validadas en varios territorios diferentes contabilizaránse unha única vez.

Nota F) So se valorarán aquelas spin-offs da Universidade de Vigo que contén co preceptivo Acordo de Transferencia. Deberase certificar notarialmente a participación de cada investigador ou investigadora na empresa.

A valoración do importe facturado polas spin-offs calcularase dividindo a facturación total anual da empresa, correspondente ás actividades que figuren no acordó de transferencia, entre 25.000 euros. O resultado desta división multiplicarase polos puntos asignados na táboa.

Nota G) Os méritos relacionados coa creación artística valorarase ata a puntuación máxima indicada na táboa en función dos seguintes indicios de calidade:

- a) Ámbito (local, provincial, rexional, estatal ou internacional)
- b) Documento xerado.

- c) Premio e adquisicións.
- d) Canal de difusión.
- e) Concursos, adxudicación e patrocinio.

Haberá que presentar evidencia da obra.

Nota H) A achega valorarase ata a puntuación máxima indicada na táboa en caso de ser o autor da obra, no caso das colaboracións na autoría valorarase coa metade de puntos.

No caso dos premios, a lingua de publicación non será considerada como factor determinante do ámbito no que se encadren.

Na avaliación de autoría de dicionarios, distinguirase entre a autoría de dicionarios completos e a de entradas, e teranse en conta tanto a calidade e repercusión da obra como o número e extensión das entradas, se procede.

Nota K) A nota máxima total que se pode obter neste apartado completo será de 20 puntos.

Para valorar os méritos do apartado *K.1- Organización de congresos, xornadas, seminarios, conferencias ou cursos de formación destinados a persoas externas á Universidade de Vigo* debe constar que o investigador levou a cabo tarefas de coordinación ou organización, **nunca se valora como mérito de Producción de Transferencia a participación como poñente, docente, coordinador de mesas de debate e similares.**

No apartado *K.2- Actividades non lucrativas de carácter representativo ou de asesoramento para persoas físicas ou xurídicas e institucións distintas á Universidade de Vigo* unicamente se valoran informes non remunerados, o investigador debe acreditar que esta actividade de representación non ten carácter lucrativo. **Non se valorarán aquelas accións que poden estar incluídas dentro das obrigas que leva o cargo de representación que ostenta o solicitante.**

No apartado *K.3-Elaboración de publicacións de divulgación científica educativa* haberá que ter en conta que os libros de texto non se consideran como divulgación, se non como docencia, polo que non se valoran. Ademais, os artigos en prensa non se valorarán se non figura mención á Universidade de Vigo, e as entrevistas en calquera medio de comunicación (prensa, radio, televisión, etc.) non serán valoradas en ningún caso.

No apartado *K.4- Participación en comités de estandarización, coautoría o coedición de normas, estándares ou especificacións técnicas* valorarase con un punto cando soamente demostre a pertenza a ese comité, para acadar a puntuación máxima haberá que especificar claramente que actividade leva a cabo o investigador en dito comité.

No apartado *K.5- Recensións* valóranse soamente as recensións realizadas, non as recibidas. Asemade as recensións de artigos non se valoran posto que foron tidas en conta na produción de investigación.